

CONCELLO DE PONTEVEDRA

ACTA NUMERO DEZ CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 19 DE XUÑO DE 2009.

-----oOo-----

No Salón de Butacas do Teatro Principal, sendo as doce horas e sete minutos do día dezanove de xuño de dous mil nove reúnese, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, o Pleno da Corporación baixo a presidencia do Sr. Alcalde **D. Miguel Anxo Fernández Lores**, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros **D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo**, **D^a María dos Anxos Riveiro Portela**, **D. Raimundo González Carballo**, **D^a María Dolores Dopico Aneiros**, **D. Miguel Anxo Vázquez Plaza**, **D. Telmo Martín González**, **D^a Teresa Pedrosa Silva**, **D. Ricardo Alfonso Heliodoro Aguilar Argenti**, **D^a María Guadalupe Murillo Solís**, **D. José Manuel Barragáns Muñiz**, **D. José Benito Suárez Costa**, **D^a Begoña Laya Iglesias**, **D. Jacobo Moreira Ferro**, **D^a María Celia Soto Espiña**, **D^a Patricia Aboal Agrelo**, **D. Carlos Riveiro Veiga**, **D^a Rosa Encarnación Picallo Quiveo**, **D^a María Teresa Casal García**, **D^a Margarita Castejón García**, **D. José Antonio García Lores**, **D. Julio Castela Martínez**, **D^a Celia Alonso Caramés** e **D. José Manuel Valcarcel Riveiro**, (exceptuando D. Demetrio Gómez Xunqueira, que se incorpora no punto 2 da orden do día para a súa toma de posesión) estando presente o Interventor Xeral municipal **D. Manuel Roel Hernández-Serrano** e dando fe das actuacións, o Secretario Xeral do Pleno **D. José Luis Mato Rodríguez**.

Constatada a existencia de quórum bastante para a súa constitución, o **Sr. Alcalde-Presidente** declara constituída e aberta a sesión e realiza a seguinte declaración: “Bos días, en primeiro lugar e debido a que hoxe as nove da mañá ETA asasinou cun coche bomba, en Vizcaya, a un inspector de policía, imos ler unha declaración institucional de condena do Pleno do Concello, estando de acordo os tres grupos da corporación e, posteriormente, gardaremos un minuto de silencio.”

Seguidamente o Sr. Alcalde-Presidente dá lectura á devandita declaración institucional que é do teor literal seguinte: “O Pleno do Concello de Pontevedra expresa a súa máis enérxica condena e repulsa polo brutal atentado que causou a morte de Eduardo Pueyes García á vez que comunica o seu pesar e a súa solidariedade coa familia da vítima; os atentados cometidos pola banda terrorista ETA supoñen o desprezo absoluto polo dereito á vida e a todos os valores que sustentan a convivencia nun estado democrático, expresamos a nosa firme convicción de que estes valores deben fundamentar a unidade de todos e todas fronte a aqueles que pretenden impoñer a súa vontade por medio da violencia e do terror.”

Rematada a lectura da declaración institucional o Pleno de Concello procede a gardar respectuosamente un minuto de silencio.

ORDE DO DÍA

A) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR:

1.- APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 22.05.2009.

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria de 22.05.2009, que é aprobado por unanimidade (24) e sen modificación ningunha.

B) PARTE RESOLUTIVA:

2.- RÉXIME INTERIOR.- TOMA POSESIÓN SR. CONCELEIRO ELECTO D. DEMETRIO GÓMEZ XUNQUEIRA.

Dáse conta da credencial expedida pola Xunta Electoral Central a favor de D. Demetrio Gómez Xunqueira como Concelleiro electo deste Concello pola lista de candidatos presentada polo Bloque Nacionalista Galego (BNG) ás eleccións locais de 27 de maio de 2007, para cubrir o posto vacante, por renuncia, de D. Guillerme Vázquez Vázquez, procedente da mesma candidatura.

Intervén o **Sr. Secretario** sinalando que: “O Concelleiro electo don Demetrio Gómez Xunqueira entregou con anterioridade na Secretaría Xeral do Pleno a súa credencial como Concelleiro electo, expedida pola Xunta Electoral Central, e formulou as preceptivas declaracións de bens patrimoniais e de actividades e outras causas de posible incompatibilidade as cales pasan a integrar o Libro de Rexistro de Intereses custodiado pola Secretaría Xeral do Pleno.”

Seguidamente o **Sr. Alcalde-Presidente** manifesta: “acreditada a personalidade do Concelleiro electo presente, comprobada a credencial e presentada a declaración de intereses non se aprecia causa algunha de incompatibilidade, non obstante se estivera afectado por algunha das causas de incompatibilidade previstas na lexislación electoral deberá manifestalo neste momento. Non estando afectado a continuación procederase á formalización do xuramento ou promesa de acatamento á constitución, polo que invito ao Sr. Gómez Xunqueira a acercarse para dar cumprimento ao establecido no artigo 108.0 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral.”

A continuación o **Sr. Secretario** indica que: “o xuramento ou promesa de acatamento á Constitución esixido polo artigo 108.8 da Lei 5/1985 Orgánica de Réxime electoral xeral, prestarase baixo a fórmula establecida no Real Decreto 707/1979”.

De seguido o Sr. Gómez Xunqueira procede a prestar o devandito xuramento

CONCELLO DE PONTEVEDRA

ou promesa na forma regulamentaria, ao non existir obstáculo ningún para que poida tomar posesión do seu cargo, prometendo pola súa conciencia e honra cumprir con fidelidade as obrigas do cargo de Concelleiro do Concello de Pontevedra, con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Cumpridas as formalidades regulamentarias o Sr. Alcalde impón a medalla edilicia ao Concelleiro posesionado quen, seguidamente, pasa a ocupar o seu escano formando parte do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG).

Seguidamente, o Sr. Alcalde-Presidente toma a palabra para dicir: “Dámoslle a benvida, oficialmente, á Corporación ao compañeiro Demetrio Gómez e desexámoslle éxito na súa xestión en beneficio de toda a Corporación e, especialmente, da cidadanía de Pontevedra.”

A continuación fai uso da palabra **D. Telmo Martín González**, en representación do grupo municipal do Partido Popular, manifestando: “Moitas gracias, Sr. Alcalde, eu creo que son días importantes e, polo tanto, en representación do grupo municipal do Partido Popular, desexarlle o mellor dos éxitos a Demetrio Gómez porque serán tamén e redundarán en beneficio de Pontevedra, polo tanto, benvido e moita sorte neste tramo final da lexislatura.”

De seguido, en representación do grupo municipal do PS de G-PSOE, intervéñen **D^a. M^a Teresa Casal García** para dicir: “Por suposto, darlle a “rebenvida”, sería, porque xa somos vellos coñecidos e espero e desexámoslle, todo o grupo socialista, que traballe con ganas, que estou segura de que será así, e que entre todos podamos seguir sacando para adiante a Pontevedra.”

3.- RÉXIME INTERIOR.- DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTE, TITULAR E SUPLENTE, NA COMISIÓN DE DESAUGAMENTO DE ENCOROS DA DEMARCACIÓN GALICIA SUR.

De orde do Sr. Alcalde-Presidente, polo Sr. Secretario dáse lectura ao ditame favorable da Comisión de Recursos Humanos e Servizos, de data 15.06.2009, emitido sobre a proposta da Alcaldía relativa ao nomeamento dun representante e un suplente para a Comisión de Desaugamento de Encoros de Galicia Sur.

A continuación toma a palabra o **Sr. D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo** interrompendo, de inmediato, a súa intervención ao decatarse de que a mesma se corresponde co punto seguinte da orde do día.

Seguidamente, sométese a votación a proposta da Alcaldía relativa ao no-

meamento dun representante e un suplente para a Comisión de Desaugamento de Encoros de Galicia Sur, e o Pleno do Concello, por maioría, co voto a favor de 13 concelleiros (os 7 concelleiros do grupo municipal do BNG e os 6 do grupo municipal do PS de G-PSOE) e a abstención de 12 concelleiros (os 12 concelleiros do grupo municipal do Partido Popular), e de conformidade co ditame da Comisión de Recursos Humanos e Servizos, acorda:

PRIMEIRO.- Nomear como representante do Excmo. Concello de Pontevedra para formar parte da Comisión de Desaugamento de Encoros de Galicia Sur á Concelleira dona Celia Alonso Caramés.

SEGUNDO.- Nomear como suplente, que poderá substituír ao titular nomeado nas reunións da Comisión de Desaugamento de Encoros de Galicia Sur, ao Concelleiro don Julio Castela Martínez.

4.- RÉXIME INTERIOR.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DO ART. 14 DO REGULAMENTO ORGÁNICO DO GOBERNO E DA ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO DE PONTEVEDRA.

De orde do Sr. Alcalde-Presidente, polo Sr. Secretario dáse lectura ao ditame favorable da Comisión de Recursos Humanos e Servizos, de data 15.06.2009, emitido sobre a aprobación da modificación do artigo 14 do Regulamento orgánico do goberno e da administración do Concello de Pontevedra, facendo constar a existencia dunha emenda presentada pola Alcaldía sobre a modificación do artigo 38 do devandito regulamento.

A continuación, en representación do grupo municipal do PS de G-PSOE, fai uso da palabra **D. José Antonio García Lores**, manifestando: “Bos días a todas e a todos, a modificación que se plantexa no regulamento, despois da experiencia que temos da aprobación da Lei de Grandes Cidades, ven dada para, dalgún xeito, que poida delegarse a sinatura de diversas cuestións naqueles concelleiros que non forman parte do goberno, en todo caso, creo que é unha cuestión que mellora o regulamento e dálle potestade ao Alcalde para facer este tipo de autorización e eu non recordo que na Comisión se tratase ningunha emenda, se a pode ler, en todo caso, o Secretario...”

Seguidamente intervén o **Sr. Secretario** para explicar: “A emenda presentouse onte e me parece que se deu, non sei, supoño que si, copia aos grupos, o que pasa é que non chegaría a todos os señores concelleiros e consiste nunha rectificación, aparte do artigo 14 do Regulamento Orgánico que é o que limita as posibilidades de delegación, exclusivamente, a aqueles concelleiros que forman parte da Xunta de Goberno, do artigo 38 que sinalaba que son Concelleiros Delegados aque-

CONCELLO DE PONTEVEDRA

les concelleiros que non forman parte da Xunta de Goberno Local e aos que o Alcalde asigne, baixo a superior dirección dun Concelleiro de Goberno, a dirección, impulsión, e poderá delegarlle, pois a rectificación vai no senso de que a Alcaldía poda asignarlles a estes Concelleiros Delegados, baixo a dependencia dun Concelleiro de Goberno ou directamente baixo a súa propia dependencia, o impulso e esa serie de competencias, ou sexa, co fin de facer congruente a posibilidade de que o Alcalde delegue directamente nun concelleiro que non forma parte da Xunta de Goberno unha serie de competencias, non so de xestión senón tamén de resolución, darlle a posibilidade de que ese concelleiro, que non forma parte da Xunta de Goberno, non teña que depender doutro concelleiro da Xunta de Goberno intermedio, senón que el poida delegarlle directamente.”

Toma a palabra, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG), o **Sr. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo**, dicindo: “Sr. Alcalde, perdón, é que no punto de antes tiven un lapsus, pensei que xa estaba aprobado sen votar, vamos a ver se intentamos explicar en que consiste isto, temos a Lei de Grandes Cidades, os regulamentos, e houbo unha lagoa que podía remitir ao ROF que non estaría en vigor no caso de que se aprobara, como dixeran antes, isto podería non ter ningunha consecuencia, non modificar o regulamento se non fose porque pode afectar a terceiros e nalgúns casos poderíamos meternos nalgúns problemas francamente absurdos, por exemplo, se unha sanción a asina un concelleiro que non está na Xunta de Goberno, pois podería ser obxecto de recurso, case seguro que o perdería, pero é francamente absurdo manter esa situación e para evitar unha contradición tan flagrante como que un Director Xeral ou outro persoal do Concello que teña rango de directivo poida asinar certo tipo de cousas e un concelleiro non e, realmente, tal e como esta agora pódese interpretar así, o cal é francamente absurdo, entón, é unha rectificación técnica, fora un gazapo que se colara no regulamento orgánico por omisión e o lóxico e corríxila sen máis, é unha cuestión que nunca debeu estar, foi un gazapo, no sentido de que non se regulou no Regulamento Orgánico, por referencia ao ROF, que non está pensado para as grandes cidades e creaba esta disfunción, imaxínense, un Director Xeral pode asinar un expediente dunha sanción ou dunha licenza e un concelleiro, se non está na Xunta de Goberno, non, o cal é francamente absurdo, entón hai que subsanar esa disfunción, ese erro, esa incongruencia, que xa digo que foi por omisión, non foi un erro de redacción do Regulamento Orgánico que aprobamos todos por unanimidade, senón, por omisión, por non poñelo e pola posible referencia ao ROF, creaba unha disfunción francamente absurda, eu creo que entendido é, e resolvendo certo tipo de disfuncións, de axustes, de botar a andar toda unha lexislación, unha normativa que é novidosa e, polo tanto, é moi fácil que se cren este tipo de problemas, moitas grazas.”

Rematado o debate, sometese a votación a proposta de modificación do Re-

gulamento orgánico do goberno e da administración do Concello de Pontevedra, incluíndo a emenda presentada pola Alcaldía e, o Pleno do Concello, por maioría, co voto a favor de 13 concelleiros (os 7 concelleiros do grupo municipal do BNG e os 6 do grupo municipal do PS de G-PSOE) e a abstención de 12 concelleiros (os 12 concelleiros do grupo municipal do Partido Popular), e de conformidade co ditame da Comisión de Recursos Humanos e Servizos, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación do art. 14 do Regulamento Orgánico do Goberno e da Administración do Concello de Pontevedra, segundo a proposta da Alcaldía-Presidencia do 08.06.09, así como a do art. 38 do mesmo regulamento que se contén na proposta da Alcaldía do 18.06.09.

SEGUNDO.- Someter as devanditas modificacións a información pública e audiencia dos interesados por un prazo de 30 días, para que poidan formular reclamacións e suxestións. A estes efectos publicarase anuncio de exposición pública no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, permanecendo neste último durante 30 días, cando menos.

TERCEIRO.- Considerar definitivamente aprobadas as referidas modificacións no suposto de que non se presenten reclamacións e suxestións no devandito prazo.

CUARTO.- Proceder, unha vez aprobadas definitivamente, a súa publicación íntegra no BOP, sen que entren en vigor ata que teña lugar dita publicación e transcorra o prazo establecido no artigo 65.2 da Lei 7/1985, Reguladora das bases do réxime local.

5.- ECONOMÍA E FACENDA.- APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 6/2009 (1CEXT-SUP/09).

De orde do Sr. Alcalde-Presidente, polo Sr. Secretario dáse lectura ao ditame favorable da Comisión Permanente de Economía e Facenda, de data 16.06.2009, emitido sobre a proposta do Concelleiro Delegado da área de Medio Ambiente Urbano e Facenda relativa á aprobación inicial do expediente de modificación de créditos 6/2009 (1CEXT-SUP/09), aprobado como proxecto de acordo pola Xunta de Goberno Local na sesión de 12.06.2009.

Seguidamente fai uso da palabra, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG), o **Sr. Raimundo González Carballo**, manifestando: “Moitas grazas, bos días, a presente modificación de crédito, como saben vostedes, ascende á contía de 17.868.158,63 euros, e inclúense na presente modificación toda unha relación de asuntos, de expedientes que van dende o que serían

CONCELLO DE PONTEVEDRA

cuestións de infraestrutura viaria, obras no centro histórico, instalacións deportivas, equipamentos culturais, deportivos, sociais, educativos, inclúense asuntos relativos á parques, xardíns, zonas verdes, etc., á infraestrutura parroquial, alcantarillado, emprego, dotación de servizos municipais, etc., todas aquelas cuestións que este grupo de goberno considerou que era necesario a súa dotación económica, ou ben porque existen compromisos anteriores ou convenios asinados con outras administracións, como poden comprobar, a maioría deste expediente se centra no capítulo de inversións e no capítulo sétimo de transferencias de capital, quero dicir que o 90% da contía económica a que ascende este expediente de modificación é para capítulo 6 “Inversións” e capítulo 7 “Transferencias de capital”, esta modificación, evidentemente, é posible debido a unha boa xestión económica por parte deste goberno municipal e, por tanto, se financia co que son os remanentes líquidos de tesourería do exercicio anterior así como determinadas baixas do capítulo 2 do estado de gastos e sería un motivo máis que suficiente abordar esta política económica por parte do concello, dada a situación de crise económica na que nos atopamos e que non ten visos de solución a curto prazo, polo tanto, creo que con ese motivo, con independencia de outro tipo de cuestións que veñen xa no propio expediente, sería máis que suficiente para acadar a unanimidade de todos os grupos políticos, pero, evidentemente, se se descoñece o funcionamento dun concello ou se o que se aplica é a consigna entón, evidentemente, nos leva a outro tipo de situacións, descoñecemento ou consigna que levou incluso ao grupo municipal popular a investigar, incluso, cantos coches oficiais había no concello, cantos gastos supuña, etc., e solo atoparon que hai un coche que ten 13 anos e que gasta pouco máis que un mechero de gasolina, entón non tiveron máis remedio que dar volta atrás, porque obedecían á consigna política de que había que deslexitimar aos grupos gobernantes porque se gastaba moito en luxo ou en circulitos, descoñecemento que tamén sería aplicable ao tema da praia fluvial que, no seu caso, votaron en contra do proxecto, votaron en contra da financiación e creo que solo é necesario ir un día de calor para ver o calor que lle dan os cidadáns de Pontevedra a esa praia fluvial e que tamén arremeteron cun ton bronco e agrio contra esa inversión que se fixo no seu día, evidentemente, para nós, se é froito do descoñecemento como entendo que así o é, pois lóxicamente é unha felicitación, é unha felicitación que agradecemos en toda regra e que é posible gracias a que neste momento, no último arqueo do concello hai 47.025.043,77 euros en caixa, no arqueo do 31 de maio, evidentemente a situación económica e financeira do concello non é comparable á de case ningunha entidade local que teñen problemas de funcionamento diario incluso para pagar salarios, inestabilidade que sabemos que neste momento está en gran parte dos estados europeos, que está na Xunta de Galicia, que está en entidades locais, etc., e que aquí o veremos, en todo caso, unha vez liquidado o orzamento do ano 2009, ben, esta saúde económica, esta saúde financeira do concello, evidentemente levou a que houbera ese remanentes líquidos de tesourería, que tanto parece que lles molestan, e o mesmo tempo leva a que o endeudamento do conce-

llo, neste momento sexa, en concreto, de 27 millóns de euros o que supón o 43% do máximo, digamos, fronte ao 110, é dicir que teríamos un marxe, unha posibilidade de endeudamento de case 71 millóns de euros e estamos en 27, por tanto, digamos, xa non solo a nivel de ingresos senón tamén a posibilidade de endeudamento, a situación do concello é totalmente saneada, evidentemente, con esta incorporación, coa prórroga que houbo no seu día do orzamento, según os datos que me pasan os servizos económicos, nos sitúa nun orzamento, neste momento, de 74.371.000 euros e que con esta modificación que traemos a Pleno pasaría a 91 millóns de euros, fronte aos 77 millóns que houbo para o ano 2008, sen ter en conta as incorporacións coas que nos situaríamos en 119 millóns de euros, entón, estes son os datos, esta é a situación económica do concello e entendemos que nunha situación destas, para transmitir confianza e nunha situación como esta de crise, coñecer e recoñecer un pouco máis o concello e por iso lle pedimos que cambien o sentido do seu voto e emitan o voto favorable, moitas grazas.

A continuación intervén, en representación do grupo municipal do PS de G-PSOE, **D^a. Margarita Castejón García**, para dicir: “Moitas grazas, bos días, tratamos en este punto del orden del día la modificación de crédito 6/2009 que, evidentemente, cuenta con el apoyo de este grupo, esta modificación nos va a permitir poner los recursos municipales al servicio de los ciudadanos para hacer frente a los gastos derivados de la realización de distintas obras y a la prestación de distintos servicios y creemos que esto hay que hacerlo ya, que no se puede esperar, que no podemos tener el dinero en el cajón y las necesidades sin atender porque dinero hay y necesidades también y vamos, como digo, a poner lo uno al servicio de lo otro, la modificación cuenta con el informe favorable de la intervención del concello, los casi 18 millones de euros de esta modificación permitirán que los ciudadanos se beneficien al ver mejorados los espacios urbanos, con intervenciones en el casco histórico, en otras zonas del centro, en el rural, obras de saneamiento de caminos, mejora de instalaciones deportivas, continuando las actuaciones en el espacio del área de rehabilitación de Etribela, convirtiendo vestigios de nuestra historia en un museo que atraiga visitantes, poniendo las bases de una empresa de turismo que potencie esta actividad como uno de los motores económicos de primer orden de nuestra ciudad, creando un refugio de animales abandonados que se ajuste a la normativa, incrementando la cobertura del servicio de ayuda a domicilio y de las ayudas de emergencia social, haciendo frente a compromisos adquiridos, etc., y también incrementando los medios que nos permitan que la gestión municipal sea lo más ágil y eficaz posible y no nos veamos atrapados en atrasos en la gestión; alguien puede pensar que esto no habría que hacerlo, que todos estos temas podrían quedarse esperando, a quién le puede interesar paralizar la vida de Pontevedra, alguien puede querer que el dinero esté en el cajón y las obras y los servicios estén sin ejecutar, de verdad, no lo entendemos; el grupo municipal del Partido Popular, a través de la Sra. Murillo, hizo

CONCELLO DE PONTEVEDRA

muchas declaraciones estos días en relación a esta modificación, sabemos que es más comprometido, evidentemente, estar gobernando que estar en la oposición, en la oposición uno puede hablar, en algún momento, con menos control, pero puede resultar irresponsable hacerlo en determinados términos y, al parecer, según dice algún periódico, en tono melodramático, no se puede intentar alarmar a los ciudadanos, ciertamente no lo consiguen y no lo van a conseguir con mensajes catastrofistas, haciendo afirmaciones tan poco coherentes como que no hay dinero, evidentemente, una declaración de estas la prensa la convierte en titular y ya me pregunto yo que estamos haciendo aquí si no hay dinero, con qué hacemos la modificación, y que irresponsable debería ser la intervención de este concello cuando informase favorablemente una modificación que no tenía dinero con que hacerla; insisto en que tenemos un informe favorable de intervención a pesar de que se agarran a que en el informe del Órgano de Xestión Orzamentaria se hacen algunas observaciones respecto a alguno de los expedientes, observaciones, aclaraciones, en algunos puntos concretos, ya me gustaría que todos los expedientes de todas las administraciones solo tuviesen ese número de aclaraciones o de observaciones, sin embargo también queremos recordar otra cosa, nosotros no queríamos que hubiese crisis, no queríamos que hubiese sido necesario el FEIL, no lo necesitábamos, pero resulta que hubo crisis, que fue necesario el FEIL, que hubo que tomar una serie de medidas y que hubo que tener la maquinaria municipal a disposición de esta gestión, tenemos un compromiso fundamental desde este grupo de gobierno que no es otro que el de responder a las demandas y necesidades de los ciudadanos, este compromiso que creemos debe ser y es compartido por los servicios municipales que deberán mantener el elevado nivel de esfuerzo para que esta maquinaria pueda ejecutar en el menor tiempo posible este proceso que se inicia con esta modificación, en resumen, votaremos favorablemente esta modificación y nos disponemos a trabajar para ejecutar los proyectos cuanto antes, muchas gracias.

Seguidamente, toma a palabra **D^a. María Guadalupe Murillo Solís**, en representación do grupo municipal do Partido Popular, manifestando: “Buenos días, nos estamos hundiendo y parece que nadie va a salvar el barco, es curiosísimo que traigan aquí hoy una burrada colosal, en este día, es importante claro, para que probablemente no se entere nadie, pero la gente, por el bien de Pontevedra, debería saber que ojalá les quede aquí a ustedes poco tiempo; miren, esta concejala hace declaraciones, lógicamente, porque está en la oposición y tiene la labor de fiscalización y las hará cuando entienda que es oportuno, en todo caso, mire, como lo que ustedes tenían que hacer, con 18 dedicaciones exclusivas es un presupuesto y no lo tenemos, podían empezar a decir que hacen ustedes en este ayuntamiento, yo no se si ustedes saben, voy a enseñarles unos titulares de prensa de no hace mucho, en donde esta señora, la conocen, es la señora Casal, dice, el día 23 de mayo del año 2008: “soy sincera, si fuera la Alcaldesa el presupuesto ya

estaría”, también dice que, como ahora tiene una concejalía de personal, el PSOE, pues que ahora va a contratar a mucha gente, está contratando a mucha gente para servicios centrales, esto lo dice usted, Sra. Casal, y que ahora la agilidad del concello va a ser mucho mayor y nos vamos a encontrar con una maravillosa situación, todo va a ser más ágil, todo va a ser más fantástico y, además, usted haría un presupuesto si fuera la Alcaldesa, bien, esto fue el 23 de mayo del año 2008, el 2 de febrero del año 2009 el Sr. González, Concejal de Facenda de este ayuntamiento, señalaba que pronto estaría el documento porque tuvieron cierto atraso administrativo pero “agora imos recuperar o tempo impedido de inmediato e as conversas para poder aprobar os orzamentos o antes posible”, este Sr. González, este que ahora está aquí y nos habla de unas cosas, de unas modificaciones, de lo buenos que son, de la crisis mundial y de toda esa serie de economistas que a usted le gusta tanto mencionar pero que la realidad es totalmente distinta, el 19 de julio del año 2009 el grupo municipal del partido popular les ruega encarecidamente que se unan para trabajar o que se vayan cuanto antes, antes de que el daño que están haciendo a este concello sea irreparable, ambos grupos municipales, en esta momento, porque es evidente que tanto unos como otros pretendían hacer un presupuesto cuanto antes, cosa que todavía no han hecho, y a pesar de que lo llevamos diciendo, días y días, y ustedes también lo reconocían, que es importante, Sra. Casal, no hace ni un año que usted lo decía, Sr. González, usted decía que lo iba a hacer ya, bien, ustedes saben que ambos grupos tienen ya poca vida juntos, y esta es la única realidad que hay detrás de todo esto, lo que para ustedes hace unos días era fundamental hoy ya no les interesa, y hoy no les interesa porque el equipo no funciona, y si el equipo no funciona deberían empezar a pensar en irse cuanto antes, en esta ciudad ya sabe todo el mundo que, cuanto más tarden en irse o cuanto más tarden en juntarse o en unirse o en ser serios y decir la verdad a toda la ciudad más tiempo estamos perdiendo para trabajar, más tiempo estamos perdiendo para tener ideas, y no hacemos nada en esta ciudad, ustedes saben que no tienen presupuesto, porque realmente no tienen ninguna idea conjunta ni común, porque no hay equipo para poder hacer algo por esta ciudad, ese es el gran problema que tiene la ciudad, no la modificación ni nada por el estilo, son sus problemas y en este punto estamos; dicho esto vamos a entrar en la modificación, Sr. González, la modificación, y usted lo sabe, es una tapadera, es una tapadera para que la gente realmente no sepa lo que hay detrás, uno, lo que ustedes saben que es su falta de gestión, este concello no ahorra, no, no, no, simplemente no ejecuta, ese dinero, que a mi se me caería la cara de vergüenza al recordar, como acaba de decir D. Raimundo González, que hay en tesorería 43 millones de euros, es tristísimo, pregúntele a la gimnástica de Pontevedra o al gimnasia Pontevedra o a todos estos clubes de esta ciudad que siguen sin cobrar a fecha de hoy las subvenciones del año pasado, se me caería la cara de vergüenza por decir que hay dinero en caja y que no les pagan, es más grave el problema de lo que pensamos, entonces, porque presumir de que hay

CONCELLO DE PONTEVEDRA

dinero y que la gente siga sin cobrar, además aludiendo a toda esta serie de cosas que ustedes nos dicen, que van a invertir para paliar la crisis porque hay que invertir para hacer empresas y para ayudar, ¿a quienes ayudan ustedes?, si los clubes se están quejando día sí y día también, entre otros, no hago mención a facturas que vienen en esta modificación de COSERPON, del año pasado también, de 10.000 euros y más, pero ¿a quién quieren engañar?, la modificación de crédito, Sr. González, sobre la que usted no pudo justificar la urgencia en la Comisión de Economía, la semana pasada, que usted sabe que es un requisito legal necesario para hacer una modificación, usted no me la pudo justificar, me dijo que era un tema político, pues lo dejamos ahí, pero usted también sabe, y tampoco me puede argumentar, como es posible que para gastar en este ayuntamiento, aproximadamente, cantidades de 30 millones de pesetas, simplemente haya un triste folio que nos indique que hay que hacer inversiones, ese el control del gasto que tienen ustedes en este ayuntamiento, no hay control, y usted, Sr. González, usted no tiene el control económico de este ayuntamiento y ya se lo dije el otro día, en la Comisión de Economía, y cuando uno no tiene el control económico de un ayuntamiento en una casa como esta, que es importante, yo me plantearía, por su salud mental, irme antes de que les pille el toro, es un error de bulto endeudar a la ciudad, Sr. González, y usted lo sabe, así como a usted le gusta tanto mencionar a todos esos economistas de prestigio, yo le voy a comentar que hace dos días, el Presidente del Instituto de Estudios Económicos de España dijo que no era bueno aumentar el déficit en este país porque se está demostrando que la administración pública, a la larga, tiene un proceso y un problema importante a nivel de financiación a corto y a largo plazo y en eso nos podemos llegar a meter, ese mismo señor dice, Sr. González, que el crear déficit o aumentar el déficit en este país no está generando riqueza ni movimientos económicos, con lo cual a lo que nos va a llevar es a una consolidación del gasto, a la larga, que nos va a traer muchos problemas, bien, los ingresos del concello, está es la parte más importante y, para mi, la más preocupante, que es otra de las cosas que está encubriendo esta modificación de crédito, aparte de lo que ya he dicho de facturas sin pagar, contrataciones irregulares, que las hay y usted lo sabe, un montón de obras sin ejecutar del año 2005, incluso, 2006, 2007 y 2008, que estaban en presupuestos anteriores, o sea, esto no es nada novedoso, esto es intentar ejecutar rápidamente o aparentar que vamos a hacer lo que no hicieron en los últimos 3 años, y rapidito, pero es curioso, esta situación es muy curiosa y la gente debe saber ya quienes son ustedes, mire, los ingresos del concello han disminuido considerablemente, hace dos días, y en esto daros las gracias por haber autorizado a la jefa de contabilidad de este ayuntamiento a que me facilitara la situación de la ejecución del presupuesto de ingresos del concello, para el año 2009 tienen una presunción de ingresos de 102.812.000 euros, bien, a cierre de hace 2 días, que es el documento que tengo, ustedes saben que esos 102 han reconocido solo 33 millones, que ha ingresado 23 y que tienen pendientes en deudores aproximadamente 10 millones

de euros, pues teniendo, aparentemente, la esperanza de que les ingresen 102, que hayan ingresado 23... eso es lo que tienen encima de la mesa, Sr. González, y esta es la única realidad, que los ingresos han disminuido y mucho, y así, simbólicamente les puedo hacer mención a unos cuantos concretos como puede ser cómo se ha reducido el IAE, por ejemplo, pues sobre lo presupuestado por ustedes para este año 2009, simplemente el 16% y llevamos 6 meses de ejercicio, en el Impuesto sobre el Incremento de Valor de los Terrenos de Naturaleza Urbana que ustedes habían presupuestado 770.000 euros solo han ingresado 83.000, el 14%, sobre mercados el 3%, sobre licencia de obras, lógicamente ya no hay obras, el 18% sobre los derechos reconocidos, arrendamientos de fincas municipales, alquileres que tiene el ayuntamiento, solo se ha ingresado el 26% de los derechos reconocidos, esa es la realidad que hay en este ayuntamiento, Sr. González, que no se ingresa, y ustedes necesitan sacar el dinero de donde puedan y el problema mayor que hay aquí, que es el que realmente nos preocupa, es que se creen que necesitan hacer obras faraónicas y vender historias, cuando realmente nos van a endeudar, cuando no hay dinero, nos preocupa la endeuden la ciudad, nos preocupa que sigan alardeando de obras faraónicas, porque no contáis la verdad, porque no contáis que tenéis un gran problema y que no sabéis como arreglarlo, os falta humildad y os sobra orgullo, parad ya de jugar a batallitas en este sitio y pensad si realmente merece la pena lo que estáis haciendo, yo si fuera vosotros me iría para casa, así no podéis gobernar; finalmente, Sr. Alcalde, esto es para usted, con la grave situación que tenemos en este ayuntamiento, a ver si tiene un ratito solo para dedicarlo a pensar si no sería más importante que contratara en este ayuntamiento a personal, por ejemplo, económico, para un poco aliviar la situación grave que tenemos colapsada en intervención municipal o, incluso, algún ingeniero o arquitecto, importante, porque ustedes en esta modificación que crédito llevan a casi 100 millones de pesetas para asistencias técnicas para hacer obras, debe ser que los 400 funcionarios de este ayuntamiento no llegan, entonces, a lo mejor, sería importante que con 5 o 6, que yo calculo que podría salirnos a 40.000 o 45.000 euros, le da para 5 arquitectos o ingenieros para que agilicen un poquito las obras y no tener que contratar fuera, nos saldría más barato, hasta 5, 6 o 7 asistencias técnicas para poder agilizar obras y, sin embargo, lo que está haciendo es contratar personal para su gabinete, uno más, y realmente no se si realmente usted piensa que es lo más necesario y lo más rentable para este ayuntamiento, este dinero nos lo podríamos ahorrar porque usted ya tiene personal suficiente en el concello y en su gabinete para trabajar y, realmente, la situación de este concello demanda urgentemente, personal, no se si eventual, usted sabrá como estudiarlo, para movilizar el tema económico y para no tener que subcontratar o contratar fuera asistencias técnicas, que tenemos 400 empleados aquí dentro, muchas gracias.

Novamente fai uso da palabra a **Sra. Castejón García**, dicindo: "Muchas gracias, Sr. Alcalde, mantiene en su intervención un tono que, en algún momento,

CONCELLO DE PONTEVEDRA

me recordó la expresión que dije antes que había recogido de un periódico, aparte de que hace algunas observaciones difíciles de entender, yo no entiendo esto de la humildad, yo creía que era una virtud de las personas, no de las instituciones o de los gobiernos, hay algunas cosas de su discurso que no entiendo; sí hay algunas cosas que me quedan claro, estamos hablando de una modificación y pasa a hablarnos de otros temas y lo que se evidencia en su discurso, que lo justifica diciendo que este grupo de gobierno no sabe gobernar, es que realmente no somos nosotros un problema para los ciudadanos de Pontevedra, muy al contrario, creo que sí somos un problema para el grupo municipal del Partido Popular porque querría estar gobernando y los ciudadanos no le encomendaron la tarea de gobernar, entonces es inútil que se sigan lamentando de esta circunstancia en todos los Plenos porque es una circunstancia que está ahí, en otro momento estará de otra manera pero en este momento la encomienda de gobernar nos la hicieron los ciudadanos a estos dos grupos; por otra parte, las medidas que adopta este grupo de gobierno frente a una situación de crisis, como estuvimos diciendo, y la celeridad que queremos darle a poner todos los recursos a disposición de los ciudadanos, como dijimos antes, sigue una línea de trabajo determinada, los ciudadanos también saben que si se encomiendan estas cuestiones de gobierno al Partido Popular, se pueden encontrar con actuaciones como esta que nos preocupa mucho, que estamos oyendo, de que en la Comunidad Autónoma, donde se acaba de hacer cargo del gobierno el Partido Popular, como todos y todas sabemos, resulta que se van a recortar los libros de texto que formaban parte del paquete de educación en los centros públicos, para igualar las posibilidades de acceso a todo de todos y acabamos de enterarnos hoy también de que toman la decisión de reducir a la mitad los contratos de cooperación, tanto a la mitad en cuanto al tiempo de contratación como en cuanto a los recursos que ponen a disposición de los concellos para que puedan hacer estas contrataciones, este tipo de medidas serán las que considera usted que puedan ser oportunas si se hacen cargo de este gobierno municipal, muchas gracias.”

De seguido intervén o **Sr. González Carballo**, para engadir: “Moitas gracias, brevemente, primeiro, nese análise que fan as FAES pois sempre as cuestións hai que ver o que está pasando no mundo, entón, pois miren vostedes, debuxa a quen queira; con relación a situación económica, son vostedes tan descoñecedores e ao mesmo tempo tan persistentes que pretenden ter a razón cano non, mire vostede, a 18.06.2008, do 2008, os dereitos liquidados eran 29.442.000 euros, a 18.06.2009 son 33.898.000, subimos nos dereitos liquidados, a nivel de ingresos ás mesmas datas do ano pasado 20.944.000, ás datas deste ano 23.053.000, é que o IAE o IBI se pasa ao cobro no mes de novembro, é que levan aquí dous anos e non me dan aprendido nada, non lles ensina nada aí da súa experiencia que tivo noutros sitios, entón, hai que comparar data a data, non podemos mentir ou non podemos descoñecer, entón, aí están os datos e a situación, neste momento, non sei como será

a final de ano, porque eu non teño aquí ningunha bola máxica, o que sí lle podo dicir é que á mesma data, un orzamento e outro, ten máis dereitos liquidados este e ten máis ingresos este, esa é a cruda realidade, con independencia de que un dos que baixou a aportación é a Xunta de Galicia, tamén que quede constancia, e, por outro lado, mire, se resulta que agora o facemos tan mal e que ata agora é que o estive-mos facendo moi, moi ben, gracias outra vez, e, por último, aquí os únicos que venden a Pontevedra son vostedes que hoxe non van ir á manifestación que está convocada para a defensa desta cidade, moitas gracias.”

A continuación a **Sra. Murillo Solís** toma a palabra dicindo: “Nosotros nos equivocamos, según usted, Sr. González, pero mire, repito, el presupuesto no está y para ustedes era importante, segundo, los gastos, porque todo esto que traemos aquí en esta modificación de créditos usted sabe que el 70% son gastos, no son inversiones, esta es una realidad, para usted no se que es la inversión en el pueblo Saharui, la subvención da muller, Eurobrick, servicios contratados irregularmente de limpieza, tenemos un montón de ellos, el club de fútbol Bora, el Campañó, el Pontes, un montón de cosas que usted sabe que no son inversiones y, además de estas cosas que no son inversiones, que son gastos para incrementar, tenemos inversiones del año 2005 que se vuelven a repetir aquí, ustedes tienen la casa del agua que se hizo con fondos PRODER del año 2005 y que ahora pretenden rellenar, según el expediente que nos facilitaron, para hacer temas de sonido y luces, sin saber ni especificar, pero viene del año 2005, ¿hablamos de A Parda?, ¿hablamos de Xeve?, de cuántas obras quiere que hablemos del año 2005 que siguen aquí sin ejecutar, esa es su realidad y a esa, que es su realidad, le añadimos toda la gente que sigue sin cobrar en este ayuntamiento, ¿cómo pueden seguir contando que son fantásticos ustedes?, Ministro de Economía tenía que ser usted en este país, Ministro de Economía, porque encima el problema es que usted se lo cree y nos cuenta que estamos fenomenal, pero repito, la primera pregunta que le hice, cómo tiene la cara de decir que tiene 45 millones en caja y no pagar a los clubes y empresas de esta ciudad todavía, esa es la pregunta que hay que hacerle, Sr. González, si tan bueno es usted o si tan buenos son ustedes, por qué no hay presupuesto, Sr. González, si hace 5 meses dijo que ya estaban para ponerse a ello rápidamente, que iba a salir ya, porque la Sra. Casal hace un año dijo que si ella fuera Alcaldesa habría un presupuesto, ¿es importante o no es importante?, eso es lo que deben decir ustedes y aclarar aquí de una vez, el por qué de la urgencia, que yo le pregunté en le Comisión de economía y usted todavía no me contestó, me dijo que eso lo decidía el Pleno y le pregunte el por qué, que me lo dijera usted y me dijo que era un tema político, usted sabe que la urgencia es porque no hay dinero para pagar esto, usted sabe que hay que modificar el crédito porque hay que rellenar todo lo que viene de atrás y todas estas obras que ustedes quieren traer, desde el año 2005, ahora quieren ejecutarlas y saben que sin presupuesto no lo pueden hacer, el problema es que no hay presupuesto porque no se entienden y no se van

CONCELLO DE PONTEVEDRA

a sentar, y no se van a sentar por mucho tiempo, por lo que parece aquí, ustedes ya no son equipo de gobierno, ustedes deberían pensar ya si piensan sentarse y llegar a algún tipo de acuerdo para poder aguantar los dos años que nos quedan o desligarse ya el uno del otro y dejar gobernar a uno, a otro o a nosotros, pero ya está bien de tomaduras de pelo, porque a mi me gustaría que hablara con un montón de medios, también de empresas, de esta ciudad que tampoco cobran, pero si es que día sí y día también, si es que es todos los días, esto está pasando aquí y ustedes siguen contando que estamos saneados y que en caja hay 45 millones, cuéntenselo a la gente a la que deben dinero, porque aunque al Alcalde no le gusta que yo diga que debemos dinero, sí debemos dinero, sí lo debemos y aquí hay facturas de esas que debemos y usted lo sabe, porque contratamos a empresas de limpieza irregularmente y usted lo sabe y lo pone en los expedientes y aquí no pasa nada, esto es una tónica habitual en este ayuntamiento, Sr. González, entonces, por favor, ya, dicho esto, usted sabe que no tiene control del gasto, esto se lo dije también en la Comisión de Economía, usted sabe que aquí estamos despilfarrando, usted sabe que la obra de Santa María a la Sra. Casal se le ha ido en 450.000 euros sobre lo presupuestado, eso lo sabe usted, Sr. González, y ahora tenemos que tapar, todo el despilfarro y el descontrol del dinero que hay en este ayuntamiento, y esta es la realidad que se esconde detrás de esta modificación de crédito, iremos sacando a la luz todo esto, no se preocupe y, si quiere, lo dejamos morir, que, probablemente les interese más, muchas gracias;

Seguidamente fai uso da palabra a **Sra. M^a Teresa Casal García**, manifestando: “Moitas gracias, Sr. Alcalde, eu non pensaba intervir, porque francamente que vostede diga cousas no ano pasado referidas a este, que mesture todo o que mestura, pero o que xa non lle paso, Sra. Murillo, é que trate tamén de enganar a xente como leva toda a súa intervención, estame recordando aquel “¡Vayase Sr. González!” porque ademais hasta coincide con apelido do concelleiro, parece vostede o Sr. Aznar, sen bigote pero máis ou menos, o que lle quero dicir é que non diga falacias sobre que se me foi nada na avenida de Santa María porque resulta que na Avenida de Santa María había un proxecto no que, dende logo, non esperabamos que aparecera o que apareceu, e vostede sábeo, deberíao saber porque aí si que teño que repetir un pouco o que di o Sr. González, que pouquiño aprenden, caramba, que pouquiño aprenden, veñan por aquí de cando en vez, muller, e dean unha voltiña polas obras que hai na cidade e coñezan o que se está a facer, non pode dicir iso porque, simplemente, a consecuencia de facer un modificado na Avenida de santa María e por ter aparecido os restos que apareceron, porque hai que cambiar as conducións todas que ían nese sentido e agora hai que levalas cara a rúa Alta porque resulta que houbo que poñer todas esas lousas prefabricadas, é dicir, completamente distinto do que había previsto, Sra. Murillo, e, senón, déase unha voltiña por aí porque, mire, lle aseguro que é unha das obras que máis visitan os pontevedreses, e se enterará, e se tivera ido a algunha das conferencias e cha-

rlas que se están facendo, que non les interesou a ningún, sobre a importancia que ten o patrimonio e os museos para o desenvolvemento económico das cidades e do importante que é a economía creativa, porque imos camiño de que a economía que agora coñecemos, simplemente do ladrillo e de fabricar coches e de fabricar cousas, vai desaparecer, porque se vai ir a outros lados, aí vería o importante que é que estas cousas que temos a sorte de ter en Pontevedra, as poñamos en valor porque van repercutir no tecido económico desta cidade, entón, non fale tan á lixeira, admire as cousas, aprenda, aprenda un pouquiño muller, que ademais está no tempo, non hai ningún problema, moitas gracias;

A continuación intervén novamente o **Sr. González Carballo**, para engadir: “Gracias, Sr. Alcalde, no expediente é tan evidente que están no capítulo 6 e 7 que creo que non necesita ningún comentario, de todas maneiras, eu creo que vostedes tiñan a expectativa de que a crise económica, que é co que xogan, afogara ao concello e resulta que temos remanente líquido de tesourería, temos capacidade de endeudamento que recordo que non nos estamos endeudando pero si temos capacidade de endeudamento, non estamos indo a crédito, entón, hai unha economía do concello saneada e se poden sacar os proxectos adiante, iso é o que lles molesta e iso é o que lle fai soltar a bilis e, o sinto moito pero imos seguir sacando os proxectos adiante, imos seguir tendo o concello saneado a diferenza de outras moitas institucións gobernadas por vostedes, moitas gracias.”

Rematado o debate, sometese a votación a proposta do Concelleiro Delegado da área de Medio Ambiente Urbano e Facenda, e o Pleno do Concello, por maioría, co voto a favor de 13 concelleiros (os 7 concelleiros do grupo municipal do BNG e os 6 do grupo municipal do PS de G-PSOE) e o voto en contra de 12 concelleiros (os 12 concelleiros do grupo municipal do Partido Popular), e de conformidade co ditame da Comisión Permanente de Economía e Facenda, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito Nº 6/2009 (1CEXT-SUP/2009), MEDIANTE CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO, por un importe de DEZASETE MILLÓNS OITOCENTAS SESENTA E OITO MIL CENTO CINCUENTA E OITO EUROS CON SESENTA E TRES CÉNTIMOS (17.868.158,63.- €)

SEGUNDO.- Someter dito acordo a información pública previo anuncio no Boletín Oficial da provincia e taboleiro de anuncios desta entidade polo período de quince días, durante os que os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno.

TERCEIRO.- Esta modificación orzamentaria considerárase definitivamente aprobada se durante o citado prazo non se tiveran presentado reclamacións; en

CONCELLO DE PONTEVEDRA

caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas. Entrará en vigor unha vez publicado o resume por capítulos resultante, e remitidas copias á Comunidade Autónoma e á dependencia correspondente do Ministerio de Facenda.

6.- ECONOMÍA E FACENDA.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERGAS E O CONCELLO DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN DO HOSPITAL DE MONTECELO E DOTACIÓN DE INFRAESTRUTURAS.

De orde do Sr. Alcalde-Presidente, polo Sr. Secretario dáse lectura ao ditame favorable da Comisión Permanente de Economía e Facenda, de data 16.06.2009, emitido sobre a proposta da Alcaldía relativa á aprobación do Convenio de cooperación entre o Servizo Galego de Saúde (SERGAS) da Xunta de Galicia e o Concello para a execución das obras de ampliación do hospital de Montecelo e dotación de infraestruturas, aprobado como proxecto de acordo pola Xunta de Goberno Local na sesión de 12.06.2009, e faise constar a existencia dunha emenda presentada polo grupo municipal do Partido Popular na sesión da devandita Comisión Permanente de Economía e Facenda.

Seguidamente fai uso da palabra, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG), o **Sr. Xosé Casáreo Mosquera Lorenzo**, manifestando: “Gracias, Sr. Alcalde, estamos ante un convenio que ten un moi longo recorrido de xestión e que agora responde a un acordo xa aprobado polo Consello da Xunta, incluso asinado pola conselleira, para a aportación ou as obrigas que se derivan para o Concello de Pontevedra na ampliación de Moncetecelo e a creación do hospital único e a dotación de infraestruturas, este concello, polo menos este goberno sempre tivo moi claro distinguir entre o que é opinión e o que é lealdade institucional e, polo tanto, independentemente de que lle gustara máis ou non e incluso manifestara a súa opinión, cando unha administración, neste caso, a administración autonómica, vai facer un investimento, vai dotarnos duns servizos en Pontevedra, sempre, sempre colaborou lealmente con quen tiña a responsabilidade de facelo, independentemente do signo político e incluso de proxectos que gustaran máis ou menos, e aí están os feitos, asinouse un convenio a tres bandas Deputación, Consellería e Concello, estando naquel momento un proxecto de fases en Montecelo que non nos convencía e asinouse e fixéronse os compromisos que razoablemente se estimou que era posible asumir polo concello, ben, por que traio a colación isto porque, no se preocupen vostedes, que mentres nós esteamos aquí imos seguir facendo igual, polo tanto se a consellería decidira outra cousa que agardemos que non, polo atraso que supón, seguiríamos colaborando como colaborábamos antes, non como fixo a Deputación que, si era un proxecto dos meus si colaboraba e se non todos eran problemas para esta adenda, non se preocupen, fixémoslo sempre e o seguiremos facendo, independentemente da nosa opinión, que nos pareza mellor

ou non, unha cousa é opinar do que vai facer a consellería ou a Xunta e outra cousa é colaborar aínda que convenza ou non convenza, salvo que sexa un disparate, imaxínense vostedes que decide levar o hospital para Barro, o concello non sei se ía..., entón, non se preocupen por iso, non se preocupen porque temos unha historia atrás e os feitos concretos avalan que por aí non vai haber ningún problema, obviamente, nós non podemos nestes momentos, aprobado xa polo Consello da Xunta hai tempo, non podemos engadir ningunha cláusula a ese convenio porque sería atrasalo, se, por desgracia, sucedera esa desgracia de que quedara sen efecto porque o modifica a Xunta e polo tanto se atrasa dunha maneira moi elevada en prazos a construción, a dotación da infraestrutura sanitaria en Pontevedra pois nese momento falaríamos, non hai ningún problema, temos un convenio asinado hai tempo, esta é unha modificación e, non se preocupen que imos modificalo, non é de recibo nin é razoable o posicionamento que teñen vostedes que, por certo, é concomitante co que tiveron na Deputación con respecto a esta modificación do convenio e o hospital único, sexan un pouquiño serios, voten a favor, non se deixen levar pola confusión entre partidos, dos meus ou dos non meus, estamos falando de institucións, estamos falando dunha infraestrutura para Pontevedra e o concello se compromete a colaborar na medida das súas posibilidades, se non fose así este goberno comprometeríase a colaborar igual, sempre e cando non fora un disparate, témo-lo demostrado, non se preocupen e voten a favor sen darlle máis voltas que, se leva algunha volta por parte da Xunta falaremos nese momento e o noso compromiso está aí porque xa o temos demostrado antes, sexan un pouquiño serios, deixen de moela e voten a favor senón teremos que interpretar que lles preocupa moita máis as posturas partidarias que a dotación real da infraestrutura sanitaria que Pontevedra necesita, moitas gracias.”

A continuación toma a palabra a **Sra. M^a Teresa Casal García**, en representación do grupo municipal do PS de G-PSOE, manifestando: “Moitas gracias, Sr. Alcalde, a min me parece que o de menos hoxe é o que estamos aprobando aquí que é unha adenda a un convenio que xa, máis ou menos, explicou Mosquera, senón que polo visto na Comisión de Economía vostedes dixeron que si se dicía que ese diñeiro que se compromete a poñer o concello se poñería fora cal fora o sitio no que se decidira para facer o novo hospital entón votarían a favor, iso indica, claramente, que o que menos lles importa a vostedes é a adenda e o convenio, o único que lles importa é a política... ben, estaba esperando a ver si me prestaba un pouco de atención porque estas cousas quedan así un pouco feas cando se fala para o aire, ben, o único que lles preocupa a vostedes, ao Sr. Martín concretamente e aos seus compañeiros, é a política sanitaria e todos sabemos cal é a política sanitaria que fai o PP, o PP en Madrid, en Valencia e por aí fai iso que se chama financiación público-privada que, para entendernos, non é máis que a concesión, eles fan unha concesión a un grupo de empresas que poden ser sanitarias, financeiras e, sobre todo, construtoras, por iso entendo perfectamente que o Sr. Martín aposte por esa vía,

CONCELLO DE PONTEVEDRA

porque a súa profesión é a que é, e iso o que significa é que os hospitais son xestionados por estas empresas durante un período máis ou menos de 30 anos, iso é o que queren facer vostedes e entón eu lles digo que non, a política sanitaria do socialismo é a sanidade pública, señores e señoras do PP, iso é o que nos interesa, nos interesa que o que se logrou avanzar nestes anos non o desboten vostedes simplemente porque o Sr. Martín quere ver si con esa política financeira de público-privado consegue facer un hospital en Pontevedra noutro sitio, paréceme moi pouco serio, Sr. Martín, porque aquí non está implicada unicamente esta adenda da que falamos hoxe, é que cando se fala da ronda que, por certo, parece ser que o macroconselleiro este que leva o 40% do goberno galego nestes momentos, xa fala de que imos falar da ronda e parece que a admite, cando estamos a falar da ponte de Monteporreiro que a Deputación supoño que fará cando se superen os problemas medioambientais, todo iso está encaminado, pensado, traballado e falado pensando en Montecelo e nos accesos a Montecelo, non está pensado para facer o hospital noutro sitio, polo tanto eu xa vexo que hai algunha voz sensata no PP como a do novo Xerente do Chop que, claro, el foi conselleiro cando se estaba facendo a ampliación de Montecelo e parece ser que quere seguir por ese camiño, entón, Sr. Martín, deixe vostede os intereses, que ten todo o dereito a ter, particulares económicos e de todo tipo, déixeos e póñase no papel no que ten que estar sendo concelleiro deste concello, prime os intereses da cidade de Pontevedra e da xente de Pontevedra, porque vostedes na intervención da Sra. Murillo que nos di que todo o facemos mal e que isto é unha catástrofe e eu me pregunto ¿que traballan vostedes por Pontevedra?, ¿que fan por Pontevedra?, falaba a Sra. Murillo de proxectos faraónicos, os únicos proxectos faraónicos son os que presentaba o Sr. Telmo na súa campaña electoral, esas cousas enormes do Pontetúnel e do queixo gruyere e de todo iso, entón, de verdade, voten a favor deste tema, sigamos adiante para traballar para que Pontevedra teña un hospital único e, por favor, Sr. Martín, espero que sexa vostede máis educado nos seguintes temas que se traten aquí, moitas grazas;

Seguidamente intervén o **Sr. Jacobo Moreira Ferro**, en representación do grupo municipal do Partido Popular, dicindo: “Moitas grazas, Sr. Presidente, antes de nada queremos manifestar que nós fixemos unha proposta alternativa de acordo na comisión e esperabamos que antes de Pleno se puxeran en contacto con nós para ver si aceptaba ou non esa proposta alternativa, en fin, Sr. Alcalde, é triste comprobar como vostede, Alcade de Pontevedra, médico de profesión estea en contra dun novo hospital de Pontevedra, é triste escoitalle como vostede xustifica a súa oposición a facer un novo hospital argumentando que tardaría máis que en facerse a ampliación, non é certo, vostede sabe que podemos demostrar que se pode facer antes de que remate unha posible ampliación o que pasa é que vostede non quere quedar en evidencia ante os pontevedreses porque sabe que se pode facer, por outra parte anda vostede moi preocupado porque xa pasaron 2 meses dende

que entrou a nova Xunta a gobernar e anda vostede preocupado porque non hai ningunha decisión, cando vostede en 4 anos tragou carros e carretas co bipartito e non dixo nada, non ían empezar as obras no primeiro semestre do 2008, e logo no segundo semestre do 2008, e xa pasou o primeiro semestre e practicamente o 2009 e aínda non empezaron as obras, en fin, hai que preguntarse tamén por que vostede nos trae precisamente agora esta adenda ao convenio do 2005 e hai que preguntarse porque non a trouxo en novembro de 2008, que foi cando a Consellería de Sanidade fixo estas modificacións, ou resulta que ao final é vostede o culpable de que non empezaran as obras da ampliación do hospital, ¿fixo vostede os deberes que lle tocan no convenio co SERGAS?, non os fixo Sr. Lores, pero mire por onde, os pontevedreses ao final ata imos sacar partido da súa lentitude na xestión de proxectos, lentitude contrastada na execución dun parking, na elaboración dun plan xeral, no convenio de TAFISA, na urbanización de TAFISA, bueno, pois gracias a súa lentitude imos a estar a tempo de ter un novo hospital en Pontevedra e, por certo, xa que este convenio lle obriga a aportar 4 millóns antes de marzo de 2010 pois ao mellor é unha oportunidade para que vostede si que faga un presuposto para o 2010, mire por onde ao mellor tamén lle sacamos partido e, por fin, empezan a xestionar un concello como hai que xestionalo, en fin, nós entendemos que pode haber dificultades en cambiar o clausulado do convenio a estas alturas pero mire, danos igual, a nós válenos o seu compromiso que conste en acta, con iso nos chega, o seu compromiso de que no caso de que no se acometa a ampliación do hospital e se faga un novo hospital, que vostede, o concello de Pontevedra, se comprometa a aportar igual eses 4 millóns para un futuro novo hospital que é o que merecen os pontevedreses, agora ben, que quede claro que si a votación é para aprobar soamente a ampliación do hospital sen contemplar esta modificación que propoñemos nós imos votar en contra, moitas gracias.”

Novamente toma a palabra a **Sra. Casal García**, manifestando: “Pois voten en contra, que lle imos facer, se votan en contra sempre de todo o que é interesante para Pontevedra, xa estamos acostumados e os cidadáns tamén, sempre votan en contra de todo o que é bo para Pontevedra, polo tanto sería unha novidade que hoxe votaran a favor de algo, e eu, de verdade, tiña ganas de dicirlle unha cousa e voulla dicir agora, Sr. Moreira, vostede me recomendou hai uns días que tomara unha tila, a min gústame máis o té pero estou disposta a convidalo a unha tila a vostede porque a min a sensación que me da é que o que está moi preocupado e nervioso é vostede porque, claro, se falaba moito de que vostede ía ascender como a espuma, ían levalo para unha consellería, asesoría e non sei que e resulta que levan a outros máis noviños e con menos experiencia e a vostede deixano de concelleiro, de “miniyo” de telmo Martín, como xa se di por aí, e mire, non teño máis que dicirlle, simplemente, se seguen pensado que o que queren e privatizar a sanidade pública, nunca, nunca contarán cos votos e o apoio do Partido Socialista, moitas gracias.”

CONCELLO DE PONTEVEDRA

Seguidamente intervén o **Sr. Mosquera Lorenzo**, dicindo: “Gracias Sr. Alcalde, realmente é unha discusión que como non ten argumentos pois se sae por peteneras como se aquí o concello, que sempre colaborou para levar adiante as infraestruturas sanitarias que decidiu en cada momento a consellería, pois tivera a culpa o concello; os vexo moi preocupados, as declaracións altisonantes e esas ampulosidades de dicir “¡Sr. Alcalde!” o que demostran é un nerviosismo moi profundo, vostedes tiñan unhas contas que son obvias para calquera que siga un pouquiño a política municipal, tremendamente claras e unha liña de traballo absolutamente definida sobre tres hipóteses, primeira hipótese que nos íamos pelexar os grupo de goberno, sigan agardando, descansen e tómense con tranquilidade, segunda hipótese que a xestión do concello non ía dar para facer toda unha serie de actuacións, mire tanto que da que ata podemos comprometernos con toda solvencia para dar cartos para o ano que ven, a pesar deses ingresos que din vostedes que baixan cando soben, e demais, sen ningún problema e, terceira hipótese é a de que vostedes ían representar a esa Pontevedra que lle quere a esta cidade e ían supoñer un aire fresco e o aire fresco que supoñen é o de vendela á primeira ocasión que teñen como pasou xa en dous Pleno e pasará hoxe se non cambian de tocata, cambian as tornas, ou sexa que o concello si ten capacidade para comprometerse co SERGAS ou con quen sexa para levar obras adiante, ustedes están nunha situación absolutamente desorientada e, terceiro, o concello ten capacidade para levar as cousas adiante e levalas con absoluta solvencia, entón entramos na seguinte fase que foi unha fase que tiveron larvada pero que ultimamente están acelerando que é a de servir vostedes de interruptores de todo o que poda facer o concello, de todo, non pararon a praia porque non puideron, se puideran pararía, non pararon a ronda, ou non a pararán porque non poden, senón pararía, non paran a ampliación do hospital porque non poden, senón pararía, non paran a ponte de As Correntes porque non poden, senón pararía, todo, todo o que poidan, interrompen todo o que poidan para que non se faga, en un recoñecemento de que este concello ten unha capacidade elevadísima para sacar proxectos adiante, elevadísima, e agora imos ver, citou vostede o plan, o plan vai estar agora vamos a ver se non serven vostedes de interruptores para que no saia, vámolos a ver, estou esperando a ver cal é a súa actitude, a pinta é mala, están vostedes moendo por un lado ou por outro e obstaculizando para que non se faga nada e no seguinte punto, ma moción de urxencia que presentan imos falar tamén diso, esa é a súa actitude encuberta con declaracións altisonantes, mal van, mal van, os cidadáns de Pontevedra poden ter a súa credibilidade nunha forza política pero cando está tan desnortada como están vostedes agora, cousa que non é bo para ninguén, por outro lado, nin para nós, non é bo para ninguén, cando está tan desnortados, están empeñados en que o concello máis saneado que pode comprometer cartos para o ano que ven ou para o seguinte está mal economicamente cando está ben e aí está, se ve, e están interrompendo todo, mire, mal, mal, mal lles vai ir, e non é bo para ninguén, independentemente do

xogo electoral e do que pase dentro de dous anos, mal lles vai ir, mandenseo mirar, deixen de interromper, este é un convenio que facilita que se faga, que quere cambiar o SERGAS que cambien, agora, vostedes queren votar en contra, voten, alá vostedes, voten en contra, non se preocupen, e dedíquense a presentar alegacións e a interromper todo, frenen o plan, paren todo, inténteno, inténteno que nós faremos todo o posible para que saia adiante, porque temos capacidade para facelo e o concello, economicamente, ten posibilidades para sacalo, entón alá vostedes pero me parece que mal van, moi mal van, e facer declaración grandilocuentes e pintar a cana verde non cola, no cola e paréceme que por aí van mal, alá vostedes.”

Novamente toma a palabra o **Sr. Moreira Ferro**, engadindo: “Gracias, Sr. Presidente, Sr. Alcalde Pontevedra segue esperando a que vostede diga se está a favor de facer un novo hospital ou se conforma con unha ampliación do hospital, ¿por que ten medo a comprometer os 4 millóns se se fai un novo hospital?, se están seguros de que non se vai facer pois comprométanse igual, no van perder nada, entón, xa lle digo, non hai que modificar o convenio, comprométase aquí publicamente, diante de todo o Pleno, diante de todos os pontevedreses a que apoiaría cos 4 millóns de euros tamén se se fixeran un novo hospital, con iso bástanos e non entendemos porque está adenda do convenio leva agardando pola súa firma dende novembro do 2008 e a trae agora, despois do 1 de marzo cando o Partido Popular gañou as eleccións, nada máis, esperamos que sexa responsable e aposte por unha infraestrutura de futuro para Pontevedra, gracias.”

A continuación toma a palabra a Sra. Casal García, indicando: “Un segundo nada máis, é para dicirlle que non pasen a operación por pasiva, Sr. Moreira, aquí o que lle estamos presentando é unha adenda e o estamos dicindo, para axilizar, para facer e levar adiante o hospital único de Pontevedra, non pervirta as palabras, Sr. Moreira, e non pase a operación por pasiva, o compromiso que temos é co que queremos e co que queren os pontevedreses, non co que quere o Sr. Martín, convénzase dunha vez, home, o que quere o Sr. Martín é outra cousa que xa non a queren nin moitos do PP, é outra cousa distinta, moitas gracias.”

Novamente intervén o **Sr. Mosquera Lorenzo**, para concluir: “Eu creo que o asunto está suficientemente debatido e, polo tanto, pediría que se pasara á votación.”

Rematado o debate, sometese a votación a proposta da Alcaldía relativa á aprobación do Convenio de cooperación entre o Servizo Galego de Saúde (SERGAS) da Xunta de Galicia e o Concello para a execución das obras de ampliación do hospital de Montecelo e dotación de infraestruturas e, o Pleno do Concello, por maioría, co voto a favor de 13 concelleiros (os 7 concelleiros do grupo municipal do BNG e os 6 do grupo municipal do PS de G-PSOE) e o voto en contra de 12 conce-

CONCELLO DE PONTEVEDRA

lleiros (os 12 concelleiros do grupo municipal do Partido Popular), e de conformidade co ditame da Comisión Permanente de Economía e Facenda, acorda:

PRIMEIRO.- Darse por enterado, e prestar aprobación ao Convenio a subscribir entre o Servizo Galego de Saúde (SERGAS) da Xunta de Galicia e o Concello de Pontevedra, para a execución das Obras de Ampliación do Hospital de Montece-lo e dotación de Infraestruturas, que ven a modificar as cláusulas 2ª e 10ª do Convenio Marco de Cooperación entre o Servizo Galego de Saúde da Xunta de Galicia, a Deputación Provincial e o Concello subscrito o 30/05/05, aclarando que a renuncia do Concello que se reflicte na cláusula segunda refírese á cantidade equivalente ás taxas e impostos pactada no convenio inicial, non ao cobro das taxas e impostos como por erro se indica.

SEGUNDO.- Encomendar á Alcaldía a sinatura do Convenio que fora asinado pola Consellería o 6/02/09, así como a remoción de calquera atrancos que impidan a material execución e plenitude do Convenio, dispoñéndose o inicio e impulso dos expedientes administrativos procedentes para facer efectivos os compromisos adquiridos coa sinatura do convenio por parte da Intervención Xeral, OXOC, OTXT, e demais servizos municipais competentes.

TERCEIRO.- Proceder á devolución ao SERGAS de dous dos tres exemplares do convenio unha vez asinados, e dar conta do presente acordo, con traslado de copia do convenio asinado, á Deputación Provincial para o seu coñecemento e oportunos efectos.

7.- ECONOMÍA E FACENDA.- DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO PRESUPUESTO CORRESPONDENTE AO EJERCICIO 2008 DO ORGANISMO AUTÓNOMO PAZO DE CONGRESOS E EXPOSICIÓN.

O Pleno do Concello toma coñecemento da liquidación do orzamento do Organismo Autónomo Local: "Pazo de Congressos e Exposicións" correspondente ao exercicio 2008, formada polo Órgano de Xestión Orzamentaria e de Contabilidade, fiscalizado o expediente pola Intervención Xeral e aprobada, a devandita liquidación, por Decreto do Alcalde de 25.05.2009.

8.- PATRIMONIO.- DACIÓN DE CONTA DE CESIÓN GRATUÍTA DE PARCELA DE 3.012 M², DA UA Nº 13 DO PXOU Á XUNTA DE GALICIA PARA A REPOSICIÓN DO CENTRO INTEGRADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL CARLOS OROZA.

O Pleno do Concello toma coñecemento do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, o día 15.06.2009, sobre a cesión gratuíta á Consellería de Educa-

ción e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, da titularidade dunha parcela de 3.012 m² situada na UA nº 13 do PXOU, para a construción dun novo edificio para o Centro Integrado de Formación Profesional Carlos Oroza.

C) MOCIÓN URXENTES.

MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA SOLICITAR UN ACORDO INSTITUCIONAL ENTRE A XUNTA DE GALICIA E O ESTADO PARA FIXAR COMPROMISOS SERIOS E REALISTAS SOBRE A POSTA EN SERVIZO DO AVE NAS CIDADES GALEGAS.

Fai uso da palabra, en defensa da urxencia da moción presentada, o **Sr. Ricardo A. H. Aguilar Argenti**, en representación do grupo municipal do Partido Popular, manifestando: “Buenos días, el Partido Popular presenta en estos momentos aquí esta moción y el motivo que supone la urgencia es que se están efectuando obras en el AVE, en el Tren de Alta Velocidad que entra en Galicia, pero no sabemos con precisión cual es el ritmo y los plazos que tiene estimados el Ministerio de Fomento, por todo ello y entendiendo que es muy importante para Galicia que se sepan las fechas, los plazos, los momentos en que se van a ejecutar los proyectos y las obras, creemos que es importante y es urgente que se firme un acuerdo institucional entre la Xunta y el Ministerio de Fomento para determinar con precisión estas fechas y momentos.”

A continuación, en representación do grupo municipal do PSdG-PSOE, intervéñ a **Sra. M^a Teresa Casal García**, dicindo: “Moitas gracias, Sr. Alcalde, o grupo socialista vai votar en contra da urxencia desta moción, en primeiro lugar porque estas é unha desas mocions proforma que o partido manda a todos os concellos, entón eu, francamente, normalmente no meu grupo casi nunca fago caso porque son cousas puramente publicitarias e partidarias e realmente non son cousas de tratar no concello pero é que, aínda por enriba, home, teñan vostedes un pouco de confianza no Presidente, é o seu Presidente tamén, o Sr. Feijoo, falou con Presidente do Goberno do Estado, falou con Blanco, creo que o Ministro de Fomento ven o próximo día 24 a falar con el, eu creo que isto está nuns niveis que dende logo non lle toca ao concello e, polo tanto, nós votaremos en contra da urxencia.”

De seguido toma a palabra o **Sr. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo**, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, manifestando: “Gracias, Sr. Alcalde, francamente, cando vimos esta moción non saíamos do noso asombro porque, por un lado, entendemos que no Concello de Pontevedra como cidade hai un certo nivel e, polo tanto, as mocions circulares que vaian saíndo pois as mínimas, se pode ser ningunha mellor, supoñemos que hai unha capacidade de elaboración dos grupos políticos desta corporación como para non andar con mocions circulares e proforma pero, deixando a un lado iso o máis grave do asunto e que

CONCELLO DE PONTEVEDRA

vostedes, hai nada, non sei se dous meses ou tres meses, trouxeron a este Pleno unha moción na que dicían que non lle importaba que houbera un retraso de dous anos, catro ou seis, na estación de Pontevedra a cambio de facer non sei que fastos de inviable solución, se non me falla memoria, se cadra fállame a memoria, entón, mire, nós sempre estivemos porque o AVE se acabara pronto e con certos compromisos, mire, vostedes, cando estiveron no goberno do Estado tamén cumpriron de coidado, non cumpriron nada, traernos isto por urxencia aquí, deixen que se estude e pase ao próximo Pleno, deixe que se estude e, de verdade, non pasar o bochorno de que nun Pleno que vostedes o que discurriron foi montar un lio para que non houbera obras do AVE en Pontevedra, con ese famoso soterramento e non sei que e agora mándanlle unha moción que di “non, non, daquilo nada, diso de que hai que estudalo con calma, non importan os prazos e o fundamental é o outro, nada” agora din que hai que acabar rapidísimo e presentan a moción, miren, deixeno estudar, nós sempre estivemos porque se acabara rápido, deixeno estudar, retírena e que pase ao Pleno ordinario, senón vainos obrigar a votar en contra da urxencia.”

Rematado o debate sobre a declaración de urxencia da moción presentada, o Pleno do Concello, por maioría, co voto a favor de 12 concelleiros (os 12 concelleiros do grupo municipal do Partido Popular), e voto en contra de 13 concelleiros (os 7 concelleiros do grupo municipal do BNG e os 6 concelleiros do grupo municipal do PS de G-PSOE), acorda rexeitar a urxencia da moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular.

D) CONTROL E SEGUIMENTO DO GOBERNO LOCAL.

9.- DACIÓN CONTA DE DECRETOS DA PRESIDENCIA DO 25.05.2009, DE NOMEAMENTO DO SR. CONCELLEIRO D. JULIO CASTELA MARTÍNEZ COMO MEMBRO DA XUNTA LOCAL DE GOBERNO; DO MESMO DÍA NOMEANDO AO ANTERIOR REPRESENTANTE DA CORPORACIÓN NO ORGANISMO AUTÓNOMO PAZO DE CONGRESOS E EXPOSICIÓNS; TAMÉN DO 25.05.2009 DE DETERMINACIÓN DE ÁREAS DE GOBERNO, CONCELLEIROS RESPONSABLES E DELEGACIÓNS ESPECIAIS; E DO 27.05.2009 E 02.06.2009 DE MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS DO PLENO A CONSECUENCIA DA TOMA DE POSESIÓN DO REFERIDO SR. CONCELLEIRO.

O Pleno do Concello toma coñecemento dos decretos da Presidencia relacionados no epígrafe.

10.- DACIÓN DE CONTA DE ACORDO DA XUNTA LOCAL DE GOBERNO DO 25.05.2009 DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NOS SRS. CONCELLEIROS DE GOBERNO.

O Pleno do Concello toma coñecemento do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 25.05.2009, en virtude do que a mesma delega determinadas competencias nos señores concelleiros de goberno.

11.- COÑECEMENTO DE RESOLUCIÓNS E DECRETOS.

O Pleno do Concello toma coñecemento dos decretos ditados pola Alcaldía e resolucións ditadas polos Concelleiros de Goberno durante o mes de maio de 2009, así como das resolucións ditadas polos Directores Xerais durante os meses de marzo e abril de 2009.

12.- PREGUNTAS.

Non se formularon preguntas.

13.- ROGOS.

Non se presentaron rogos.

E non sendo outro o obxecto desta sesión ordinaria, polo Sr. Presidente remátase a sesión ás trece horas e vinte e seis minutos, de todo o que eu, Secretario Xeral do Pleno, dou fe.

Visto e prace.
A ALCALDESA ACCTAL,

O SECRETARIO,

M^a Teresa Casal García

José Luis Mato Rodríguez.